

Ofrenda floral ao poeta Díaz Castro no seu centenario

Publicado o 19/02/2014 21:29

Unha ofrenda floral, acompañada dun recital poético, abriu os actos do ano de Xosé María Díaz Castro. No cemiterio de Guitiriz, onde repousan os seus restos, varios membros da Asociación de Escritores en Lingua Galega declamaron versos do autor de Nimbos no centenario do seu nacemento.

Deseguido, o conselleiro de Cultura inaugurou na Casa Habaneira de Guitiriz a exposición Nimbos de Luz, unha mostra itinerante promovida pola Xunta sobre a figura e a obra de Díaz Castro.

A mostra sobre o poeta a quen se adica o Día das Letras 2014 percorrerá o país ao longo dos meses vindeiros.